


# Ordenanza Municipal Reguladora das Actividades nos Montes e Espacios Forestais



Concello de Mugardos  
Concellería de Medio Ambiente



# **ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS ACTIVIDADES NOS MONTES E ESPACIOS FORESTAIS**

## **INDICE**

### **CAPÍTULO 1.- MONTES ESPACIOS FORESTAIS**

- Artigo 1.- Ámbito e delimitación.
- Artigo 2.- Bosque atlántico.
- Artigo 3.- Especies estrañas.
- Artigo 4.- Actividades preventivas e extractivas.
- Artigo 5.- Zonas de protección agrícola.
- Artigo 6.- Zonas de protección de costas.
- Artigo 7.- Zonas de dominio público hidráulico.
- Artigo 8.- Nivelacións de terreo.
- Artigo 9.- Planes especiais.

### **CAPÍTULO 2.- PLANTACIÓNS FORESTAIS**

- Artigo 10.- Novas plantacións
- Artigo 11.- Distancias mínimas

### **CAPÍTULO 3.- DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA DE TALA.**

- Artigo 12.- Realización das tarefas extractivas.
- Artigo 13.- Licencia de actividade.
- Artigo 14.- Taxas de licencia e rexistro de vehículos.
- Artigo 15.- Rexistro.
- Artigo 16.- Fianzas.
- Artigo 17.- Solicitud de autorización de extraccións.
- Artigo 18.- Reparación de deterioros, limpeza e reciclado de restos.
- Artigo 19.- carga e depósito de materiais.
- Artigo 20.- Execución subsidiaria.
- Artigo 21.- Control

### **CAPÍTULO 4.- RÉXIME SANCIONADOR**

- Artigo 22.- Clasificación das infraccións.
- Artigo 23.- Sancións.
- Artigo 24.- Anulación de licencias.

### **DISPOSICIÓNS ADICIONAIS.**

### **DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS**

### **GLOSARIO**

## **CAPITULO 1.- MONTES E ESPACIOS FORESTAIS**

### **Artigo 1.- Ámbito e delimitación.**

- 1.- Comprende os espacios forestais e de monte (1) entendendo como tales os terreos que non son nin urbanos nin agrícolas, e do que os usos primarios (2) preservaranse por constituír reservas naturais, elementos de separación e definición dos ámbitos dos núcleos ou simples referencias do paisaxe, libres de edificación.
- 2.- A súa delimitación precisa establecerase nos planos de ordenación.
- 3.- O Concello realizará un catálogo das masas e/ou espécimes forestais de interese existentes no ámbito territorial da súa competencia, e negociará c@s seus propietarios@s ou titulares as medidas de protección, uso e explotación destes.

### **Artigo 2.- Bosque atlántico.**

Os sistemas vinculados ó bosque atlántico (3), en particular estarán suxeitos á tutela definida pola Lei 4/89, de 27 de maio, de conservación das especies naturais e da flora e fauna silvestre, coas determinacións establecidas no Decreto 82/89, de 12 de maio, da Consellería de Agricultura, polo que se regula a figura do espaciao natural en réxime de protección xeral.

### **Artigo 3.- Especies estrañas.**

- 1.- No proceso de conservación, repoboación e rexeneración (4) das masas forestais, prohíbese o emprego de especies estrañas (5) ó respectivo sector que danen o carácter do paisaxe e o equilibrio ecolóxico.
- 2.- Para os efectos do apartado anterior, consideraranse especies estrañas aquelas que non estean clasificadas como comúns no catálogo municipal de especies forestais, ou que sexan determinadas como tales polos servizos técnicos municipais competentes segundo os criterios científicos máis comúns.

### **Artigo 4.- Actividades preventivas e extractivas.**

- 1.- Toda intervención relacionada coa apertura de vías forestais, devasas, talas de árbores e similares suxeitarase a licencia e a tutela dos organismos competentes (Consellería de Medio Ambiente; Dirección Xeral de Montes e Ambiente Natural) e do concello (Concellería de Medio Ambiente).
- 2.- @s propietarios@s dos terreos deberán levar a cabo os aproveitamentos e explotacións de que foran susceptibles, de acordo coas disposicións do organismo competente.

### **Artigo 5.- Zonas de protección agrícola.**

Nas zonas de protección agrícola prohíbense as explotacións forestais (6), salvo autorización expresa do organismo competente na materia agrícola (Consellería de Agricultura).

### **Artigo 6.- Zonas de protección de costas.**

- 1.- Con carácter xeral, nas talas de zonas forestais lindeiras con proteccións de costas, segundo a lexislación vixente, preservaranse a masa arbórea que se sitúe na primeira liña de masa forestal cunha profundidade de 25 metros dende a liña de deslinde do dominio público marítimo terrestre.
- 2.- Nos espacios forestais do litoral municipal nos que sexa especialmente dificultosa a repoboación con especies forestais polas características do terreo e as condicións ambientais provocadas polo influxo do mar (ventos, solos, salinidade, etc.) os servizos técnicos municipais competentes

poderán determinar razoadamente a ampliación da distancia especificada no apartado anterior co fin de preservar as masas arbóreas existentes.

#### Artigo 7.- Zonas de dominio público hidráulico.

Prohíbense as podas, entresacas, talas, sementeiras e repoboacións nos canles públicos e zonas de servidume sen a correspondente autorización administrativa, conforme á vixente lei 29/1985, de 2 de agosto de augas.

#### Artigo 8.- Nivelacións de terreo.

- 1.- Prohíbense as nivelacións do terreo que modifiquen as características naturais do solo e alteren o paisaxe.
- 2.- Como consecuencia do apartado anterior, consideraranse prácticas prexudiciais o aterrazamento e os regos en faxas.

#### Artigo 9.- Planes especiais.

- 1.- Poderanse redactar polo Concello e demais organismos competentes, uns planes especiais para determinados sectores que regulen os aspectos de utilización destes espazos como partes do sistema de espazos libres municipais ou comarcais de acondicionamento recreativo (miradores, campos de festa, áreas recreativas, cámpings, etc.)
- 2.- Na confección dos planes do apartado anterior especificarase a obrigatoriedade do cumprimento do disposto na Lei 1/1995, de 10 de febreiro, de protección ambiental de Galicia, en particular no referido no título II (técnicas e medidas de defensa) desta e disposicións que a desenvolver.
- 3.- Prohíbese en xeral todos os usos que supoñan unha edificación permanente.

## **CAPÍTULO 2.- PLANTACIÓNS FORESTAIS**

#### Artigo 10.- Novas plantacións

- 1.- As novas plantacións de eucaliptos que supoñan máis de 5 hectáreas na masa continua deberán solicitar autorización de plantación, nos termos establecidos no artigo 2.1 do Decreto 81/1989 do 10 de maio, da Consellería de Agricultura.
- 2.- Non se permitirán as novas plantacións de eucaliptos nos terreos ocupados por masas de frondosas.
- 3.- Simultaneamente á rendibilidade das repoboacións forestais feitas con especies estrañas e de crecemento rápido, valorarase polas administracións competentes a promoción das especies correspondentes á vexetación potencial natural da comarca, co fin de favorecer a rexeneración do equilibrio paisaxístico e ecolóxico da zona forestal do Concello.
- 4.- As primeiras repoboacións, nos termos establecidos no apartado 11 do anexo ó Decreto 442/1990, de 13 de setembro, de avaliación de impacto ambiental para Galicia están suxeitas á realización de estudo do impacto ambiental.

#### Artigo 11.- Distancias mínimas.

- 1.- Con carácter xeral nas plantacións forestais lindeiras coas fincas de cultivo agrícola, praderías ou padeiras, deberán de respectarse as distancias seguintes entre o inicio da plantación e os lindes correspondentes da finca lindeira:
  - a) Eucaliptos (xénero *Eucalyptus*): distancia mínima de 6 metros.
  - b) Pinos (xénero *Pinus*) e outras resinosas ou coníferas: distancia mínima de 4 metros.
  - c) Chopos (xénero *Populus*): distancia mínima de 3 metros.

- d) Frondosas: distancia mínima de 4 metros.
- 2.- Independentemente das limitacións con carácter xeral do apartado anterior, as novas plantacións ou replantacións de pino e eucalipto respectarán a distancia mínima de 50 metros respecto a vivendas; no caso de fincas lindeiras con repoboacións de caducifolios a distancia mínima a respectar será de 6 metros.
- 3.- Para os efectos do apartado anterior, consideraranse tamén como novas plantacións os pés que nazan espontaneamente e os rebrotes que resulten da corta das plantacións existentes a partir da entrada en vigor da presente ordenanza.
- 4.- Todas as plantacións forestais lindeiras con viais de titularidade pública respectarán as distancias establecidas no Plan Xeral de Ordenación Municipal.
- 4.1.- As franxas de terreo resultantes da salvagarda das distancias mínimas indicadas manterase limpa de maleza, restos e rebrotes de árbores.
- 4.2.- Se existiran gabias ou estrutura similar, a distancia medirase a partir do bordo destas máis achegado á plantación.
- 5.- No caso de existir tendidos eléctricos ou telefónicos, e sen prexuízo do disposto con carácter xeral, habilitaranse espazos libres para servidume de mantemento das ditas instalacións, que serán de 2 metros a cada lado dos tendidos, medidos a partir das proxeccións verticais dos bordos extremos destes. Esta zona libre deberá respectarse igualmente para calquera estrutura de sinalización terrestre (sinalización de viais, etc.) ou marítima (postes de milla, etc.) e neste derradeiro caso non poderá impedirse a súa correcta visibilidade dende o mar.
- 6.- Nas zonas de difícil visibilidade dos viais públicos, como curvas e canles, e a criterio dos servizos municipais competentes, prohíbense as plantacións arbustivas ou arbóreas nunha franxa de 5 metros de ancho, medida dende o borde máis exterior do vial ata o inicio da plantación, e de largo segundo especifiquen os servizos técnicos municipais, segundo as características do trazado do vial.
- 7.- O bo das plantacións forestais non poderá invadir o espazo dos viais, determinado pola proxección vertical dos seus bordos máis externos e, no caso de facelo, podaranse os árbores de xeito que deixen unha altura de gálibo de 5 metros como mínimo.
- 8.- As distancias contidas nesta ordenanza consideraranse aplicadas en proxección horizontal, salvo especificación particular.

### **CAPÍTULO 3.- DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA DE TALA.**

Artigo 12.- Realización de tarefas extractivas.

O presente capítulo regula, en xeral, as tarefas extractivas da madeira, e en particular, a realización de operacións de depósito, carga e transporte en vehículos con peso máximo autorizado (PMA) superior á 5 Tm. de madeira procedente de tala ou entresaca.

Artigo 13.- Licencia de actividade.

- 1.- A realización das actividades descritas no artigo anterior, dentro do territorio municipal de Mugarodos, sométase a licencia.
- 2.- A licencia terá un carácter anual, e renovarase antes de finalizar o período de vixencia.
- 3.- O importe da mesma regulamentarase na Ordenanza Fiscal correspondente.

Artigo 14.- Rexistro

As persoas físicas ou xurídicas que realicen tal actividade inscribíranse nun rexistro establecido para o efecto no que fará constar, alomenos, a identificación d@ titular da explotación, razón social, NIF ou CIF e os vehículos adscritos á actividade, coa indicación da marca, modelo, características do carrozado, matrícula e PMA.

#### Artigo 15.- Fianzas

- 1.- Independentemente da taxa que se fixe nas ordenanzas fiscais correspondentes @s beneficiari@s da licenza presentarán, antes da concesión desta, os xustificantes de ter depositada a fianza, por calquera dos procedementos establecidos pola lexislación vixente, polos importes indicados no apartado seguinte, para responder do arranxo dos desperfectos que puideran producir nos viais, e a limpeza dos restos das operacións de depósito e carga de madeira.
- 2.- Para os efectos da fixación de fianzas, estableceranse dúas categorías de vehículos:
  - a) Con PMA inferior a 16 Tm.: 250.000 pesetas.
  - b) Con PMA igual ou superior a 16 Tm.: 500.000 pesetas.

#### Artigo 16.- Solicitud de autorización de extraccións

- 1.- Co fin de garantir a axeitada conservación dos camiños e vías municipais, e sen prexuízo dos permisos e autorizacións que sexan outorgados polos órganos competentes na materia, establécese a obrigatoriedade de solicitar ó Concello autorización para efectuar talas ou entresacas en plantacións forestais.
- 2.- A solicitude de autorización para tala incluírá a descrición das condicións da entresaca, non sendo autorizable a tala a “matarrasa”.
- 3.- A solicitude descrita no apartado 1 será responsabilidade d@ madeirista encargad@ dos traballos, e fará constar:
  - a) Especia forestal obxecto da tala.
  - b) Tm. que van a extraer.
  - c) Localización da finca onde se vai a efectuar a extracción (nome do monte, parroquia, lugar, e calquera denominación que permita a identificación inequívoca do enclave).
  - d) Datos d@ titular ou titulares da finca (nome e apelidos ou razón social, copia do NIF/ CIF e teléfono), e copia do recibo de merca da madeira ou documento xustificativo de autorización para proceder á extracción.
  - e) Camiños e/ou vías a utilizar nos traballos.
  - f) Vehículos a utilizar no transporte.
- 4.- As taxas pola tramitación da autorización estableceranse na ordenanza fiscal correspondente.

#### Artigo 17.- Reparación de deterioros, limpeza e reciclado de restos

- 1.- Sen prexuízo do establecido na lexislación urbanística, de medio ambiente forestal, do código da circulación e demais lexislación, normas e/ou ordenanzas que puideran ser de aplicación, @ posuidor/a dunha licenza para tala, depósito, carga e transporte de madeira estará obrigado a reparar de forma inmediata os estragos producidos nos viais, ou nas estruturas anexas, así como á retirada dos restos procedentes das operacións de tala, carga e almacenamento.
- 2.- Na autorización de tala farase constar a obriga e conformidade por parte d@ titular da actividade, de retirar da zona de extracción e depositar no vertedoiro controlado todos os lixos que puideran depositarse (latas, recipientes de bebidas, etc.)

- 3.- Igualmente, na autorización de tala farase constar a obriga e a conformidade por parte do titular da actividade de recoller e retirar ás zonas de depósito establecidas os restos derivados desta (ramas, cortizas e follaxe).

#### Artigo 18.- Carga e depósitos de materiais.

- 1.- Prohíbese terminantemente realizar tarefas de carga e almacenamento sobre os viais e estruturas anexas.
- 2.- Os viais situados na zona de extracción e depósito estarán debidamente sinalizados conforme á lexislación vial vixente, e vixiados co fin de previr aos usuarios destes da realización da actividade e dos restos derivados desta.
- 3.- Os restos ou depósitos de materiais procedentes de tala, poda ou entresaca, non poderán invadir os viais, tanto na zona de circulación de vehículos como de peóns, nin menoscabar a funcionalidade das gabias, taxeas, canalizacións, pontes ou calquera outro tipo de canle ou paso de auga, como de calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa ós viais, nin supoñer risco para os usuarios da vía.
- 4.- Prohíbese o vertido de residuos procedentes das operacións regulamentadas na presente ordenanza nos lugares non autorizados expresamente para isto.
- 5.- O Concello establecerá parques de clasificación, cargadeiros e zonas de carga intermedia dos materiais procedentes de tala nos cales se acumularan para a súa carga en vehículos de PMA superior a 5 Tm., prohibíndose a circulación destes polas vías de titularidade pública nas que o firme non sexa apto para isto.
- 6.- As pilas de madeira ou leña dispoñerán no lugar de extracción, e antes do seu traslado ós espazos habilitados para o efecto, distanciadas entre si un mínimo de 10 metros.
- 7.- As pilas de ramas, cortizas e follaxe dispoñeranse no lugar de extracción, e antes do seu traslado ós espazos habilitados para o efecto, distanciadas entre si un mínimo de 25 metros.

#### Artigo 19.- Execución subsidiaria.

Transcorrido un prazo de sete días dende que se produciran ou se tivera coñecemento dos danos, a infracción ou a acumulación de restos, o Concello poderá realizar con cargo á finalización depositada as operacións de reparación, corrección e/ou retirada de restos, sen prexuízo da sanción que proceda e de exercer as accións oportunas para resarcirse dos custes, se estes non foran totalmente cubertos pola fianza.

#### Artigo 20.- Control.

O Concello, a través da Concellería de Medio Ambiente, supervisará o cumprimento das actividades reguladas na presente ordenanza mediante os servizos técnicos municipais competentes.

## **CAPÍTULO 4.- RÉXIME SANCIONADOR**

#### Artigo 21.- Clasificación das infraccións.

- 1.- Infraccións leves: consideraranse infraccións leves, para os efectos do disposto na presente ordenanza, o incumprimento do disposto no artigo 11.
- 2.- Infracción graves: consideraranse infracción graves ós efectos do disposto na presente ordenanza:
  - a) A reiteración en infraccións leves.
  - b) As infraccións ós artigos 3, 5, 6, 7, 8 e 10.

c) As infraccións ós artigos 16, 17 e 18.

3.- Infraccións moi graves: consideraranse infraccións moi graves, ós efectos do disposto na presente ordenanza:

a) A infracción do artigo 9.

b) A reiteración en infraccións graves.

c) O exercicio das actividades descritas na presente ordenanza sen estar na posesión da correspondente licencia.

Artigo 22.- Sancións.

A contía das multas establécese conforme á Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local.

1.- As infraccións clasificadas como leves sancionaranse coa obriga de eliminar o arborado ata cumprir as distancias mínimas sinaladas, e multa, da seguinte forma:

a) Con carácter xeral, polo mero incumprimento da distancia mínima sinalada: de 1.000 a 25.000 pesetas.

b) Por cada árbore situado a menor distancia mínima da preceptuada: 1000 pesetas.

2.- As infraccións clasificadas como graves sancionaranse con multa de 25.001 a 50.000 pesetas.

3.- As infraccións clasificadas como moi graves sancionaranse con multa de 25.001 a 50.000 pesetas.

4.- O exercicio das actividades contempladas na presente ordenanza sen estar en posesión da correspondente licencia lle será de aplicación a sanción máxima prevista, sen prexuízo da inmovilización inmediata do vehículo pola policía local ata a conclusión do expediente, ou o depósito da fianza polas máximas cantidades que puideran derivarse da súa instrución.

Artigo 23.- Anulación de licencia.

1.- O incumprimento reiterado ou a falta de pagamento das cantidades endebedadas en concepto dos preceptos establecidos na presente ordenanza, unha vez exista resolución firme, supoñerá a anulación da licencia, e polo tanto, a baixa automática de todos os vehículos amparados nesta no rexistro e con isto a perda de todos os dereitos derivados e polo tanto, a prohibición do exercicio das actividades reguladas na ordenanza no ámbito territorial do Concello de Mugaros.

2.- Non se concederá nova licencia, renovación nin novas anotacións no rexistro de vehículos, ás persoas físicas ou xurídicas incursas en causa de anulación ou que manteñan débedas derivadas do expediente de tramitación ou sanción aberto no cumprimento dos preceptos da presente ordenanza ata a conclusión do expediente e/ou liquidación dos importes pendentes.

3.- A anulación da licencia conleva a non concesión dunha nova durante un período mínimo dun ano, a contar dende a data na que exista resolución firme.

4.- Unha segunda anulación da licencia supoñerá a non concesión de renovación, ou nova licencia de actividade, á persoa física ou xurídica titular desta.

## DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira.- O establecido na presente ordenanza enténdese sen prexuízo das actuacións que correspondan a outros organismos da Administración dentro das súas respectivas competencias.

Segunda.- Os catro anos da entrada en vigor da presente ordenanza analizaranse os resultados e se proporán, se procedera, as modificacións oportunas.

## DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira.- As plantacións existentes deberán adecuarse ó disposto nesta ordenanza trala primeira tala efectuada a partir da entrada en vigor desta.

Quedan excluídas do anterior aquelas plantacións que pola súa singularidade (árbores monumentais; especies singulares, etc.) sexan obxecto doutro tratamento. Para isto será preceptivo contar co informe favorable dos servizos técnicos municipais.

Segunda.- No caso de vivendas con antigüidade acreditada de ó menos 10 anos, as plantacións de pino, eucalipto e frondosas lindeiras deberán adecuarse ás distancias mínimas sinaladas no artigo 11.2 no prazo máximo dun ano a partir da entrada en vigor da presente ordenanza.

No resto dos casos cumpriranse os prazos especificados na disposición transitoria primeira.

## GLOSARIO

(1).- Monte, terreo ou propiedade forestal: (ver art. 1 da Lei de Montes, do 8 de xuño de 1957, e art.4 do regulamento desta)

Para os efectos da lexislación forestal, enténdese pola terra na que vexetan especies arbóreas, arbustivas, de mato o herbáceas, sexa espontaneamente ou procedan da sementeira ou plantación, sempre que non sexan características do cultivo agrícola ou foran obxecto deste.

Exceptúanse os terreos que, formando parte dunha finca fundamentalmente agrícola e sen estar cubertos apreciablemente con especies arbóreas o arbustivas de carácter forestal, resultaren convintes para atender ó sostemento do gando da propia explotación agrícola e, así mesmo, os prados desprovistos sensiblemente de arborado de dita natureza e as pradeiras situadas nas provincias do litoral cantábrico.

Baixo a denominación de montes se comprenden todos os terreos que cumpran as condicións especificadas no parágrafo anterior e aqueles outros que, sen reunilas, foran ou sexan obxecto de resolución administrativa por aplicación das leis que regulen esta materia e en virtude da cal quedarán ou queden adscritos á finalidade de ser repoboados ou transformados, por tanto, en terreos forestais.

(2).- Usos primarios: se consideran como tales, o aproveitamento múltiple dos recursos que proporciona o monte, considerándose tradicionalmente como produtos principais os obtidos nas explotacións forestais e gandeiras (silvopascicultura), como leña, madeira, resina, cama do ganado, pasto, etc.. e como produtos secundarios os obtidos do aproveitamento das especies vexetais que forman o sotobosque que se desenvolve espontaneamente, como froitos, plantas medicinais, aromáticas e melíferas, fungos, etc.

(3).- Bosque atlántico, carballeira atlántica ou bosque mixto caducifolio: é a formación clímax fundamental do monte galego, manifestada nas “carballeiras” ou “fragas”. Este bosque caducifolio primitivo está integrado principalmente polo carballo (*Quercus robur*) como especie dominante. Segundo a localización xeográfica e condicións climáticas se encontran outros tipos de bosques caducifolios, pero no termo municipal de Mugarodos o bosque natural predominante sería a carballeira; neste bosque son frecuentes outras frondosas caducifolias como o castaño (*Castanea sativa*), se ben non fora no seu orixe un árbore autóctono; a abeleira (*Corylus avellana*), o plataneiro (*Hacer pseudoplatanus*); o cereixo (*Pnusus avium*); o abedul (*Betula celtibérica*) en zonas máis húmidas; o fresno (*Fraxinus excelsior*) se hai solo de boa calidade, entre as máis comúns; e outras perennifolias como o loureiro (*Lourus nobilis*) e o acivro (*Illex aquifolium*).

(4).- Convén facer unha precisión terminolóxica dado o uso común que se realiza dos conceptos repoboación, rexeneración e reforestación:


Repoboar é plantar ou sementar con especies forestais tanto arbóreas como arbustivas que xa existen con anterioridade ou historicamente, pero que non eran as que se daban potencialmente no territorio.

Rexenerar é axudar a proporcionar especies arbóreas ou arbustivas que constitúen a potencialidade do territorio dentro dun área que sufriu algún tipo de alteración.

Reforestar é poboar un territorio con especies arbóreas ou arbustivas que non se ten coñecemento histórico da dita vexetación.

(5).- Especies estrañas: para a determinación das especies estrañas é precisa a elaboración do catálogo municipal de especies forestais e da ordenación dos montes do municipio, ben mediante plans especiais ou dun plan de ordenación de recursos naturais. En defecto destes, é preciso recorrer ó criterio dos servizos técnicos municipais competentes.

(6).- Explotación forestal: en xeral, enténdese polas plantacións arbóreas efectuadas no terreo forestal, que poden ser monoespecíficas (monocultivos: unha sola especie arbórea) ou poliespecíficas (policultivos: dous ou máis especies arbóreas), efectuadas co fin de obter un rendemento económico.



Concello de Mugardos  
Concellería de Medio Ambiente